

XI TRAVESÍA A NADO “CONCELLO DE ARTEIXO” X Memorial Marina Álvarez

SÁBADO, 15 DE XULLO ÁS 12.00 HORAS
PUNTUABLE PARA O CIRCUÍTO GALEGO DE AUGAS ABERTAS

ORGANIZACIÓN.

A XI edición da TRAVESÍA A NADO “CONCELLO DE ARTEIXO”, rexerase polo código deportivo e a normativa de competicións de longa distancia da Federación Española de Natación e polo presente regulamento particular.

PARTICIPACIÓN.

Poderán participar na proba nadadores federados e non federados.

Para puntuar no Circuito Galego de Longa Distancia é necesario cumprir os requisitos da normativa específica do circuito e nadar o percorrido de 2500 m, deixándoo claro no momento da inscrición. Só se permite nadar un único percorrido.

CATEGORÍAS (federados e non federados).

PERCORRIDO A: 2500 metros

- Cat. **1:** Masculino ano 98 e anteriores
- Cat. **2:** Feminino ano 99 e anteriores
- Cat. **3:** Masculino ano 99 e posteriores
- Cat. **4:** Feminino ano 2000 e posteriores

PERCORRIDO B: 800 metros

- Cat. **5:** Masculino ano 1972 e anteriores
- Cat. **6:** Feminino ano 1972 e anteriores
- Cat. **7:** Masculino ano 2000 a 1973
- Cat. **8:** Feminino ano 2001 a 1973
- Cat. **9:** Masculino anos 2001 e 2002
- Cat. **10:** Feminino anos 2002 e 2003
- Cat. **11:** Masculino ano 2003 e posteriores
- Cat. **12:** Feminino anos 2004 e posteriores



Club Natación Sarval Arteixo

PERCORRIDO C: 200 metros (Este percorrido vai dirixido ós máis pequenos e terá lugar mentres saen os resultados dos percorridos A e B)

- Cat. **13:** Masculino ano 2005 e posteriores
- Cat. **14:** Feminino ano 2006 e posteriores

PERCORRIDOS (FOTOS NO ANEXO)

A saída darase na **Praia de Suevos (Arteixo)**, na orde seguinte: Percorrido B e unha vez finalizado este sairán os do Percorrido A.

O **percorrido A** consistirá nunha liña recta dende a praia ata o vértice dun triángulo sinalizado por 3 boias que haberá que percorrer dúas veces.

O **percorrido B** consistirá nunha liña recta de ida e volta ata una boia de obrigado paso.

O **percorrido C** consistirá nunha liña recta de ida e volta ata una boia de obrigado paso.

A meta, debidamente sinalizada estará situada na praia. Unicamente será válida a chegada no lugar establecido como meta.

INSCRICIÓNS.

As inscricións poderán realizarse até o xoves día 13 de xullo, na páxina web: <http://www.prueba-t.es/>. Excepcionalmente, realizaranse inscricións o día da travesía até media hora antes do comezo da primeira proba.

No momento da inscrición será necesario detallar en que categoría e percorrido se quere participar.

Asemade, os nadadores non federados menores de 18 anos necesitarán autorización paterna ou materna para inscribirse, anexo deste regulamento. Esta autorización será enviada ó correo do club info@natacionarteixo.com, ou será entregada o día da travesía no momento de recoller o gorro.

A inscrición na travesía é gratuíta e supón a aceptación do presente regulamento quedando reservado o dereito de admisión.

10º MEMORIAL “MARINA ÁLVAREZ”.

Disputaranse catro trofeos reservados para os nadadores do Club Natación Arteixo, e recoñeceranse aos primeiros, nadador e nadadora, clasificados dos percorridos A e B da travesía.

DESENVOLVEMENTO DA PROBA E XURADO.

A proba estará controlada polo Comité Galego de Árbitros de Natación, sendo a súa competencia a resolución de calquera cuestión ou recurso que apareza no desenvolvemento da competición.

Os nadadores, adestradores e delegados dos clubs participantes concentraranse no lugar da proba antes das 11.30 horas da mañá para a entrega de documentación.

A proba de 2500 metros, puntuable para o Circuito Galego, será controlada con chip pola empresa Prueba-t.

A efectos de identificación cada participante recibirá da organización un gorro numerado, que deberá colocarse antes de comezar a travesía e non retiralo ata finalizar a mesma.

A organización poderá pechar a chegada da proba 15 minutos despois da chegada do grupo principal de nadador@s. Neste caso os nadadores serán recollidos pola organización e trasladados á liña de meta.

A Travesía contará en materia de seguridade coa colaboración de Protección Civil Arteixo.

A composición dos percorridos poderá variar por mor da climatoloxía e das condicións do mar.

Uso de bañadores térmicos:

Na proba de 2500: Se a temperatura da auga é de 20° ou máis está prohibido o uso de bañadores térmicos, se é entre 18° e 20° será optativo e se a temperatura é inferior a 18° será obrigatorio para os que participen no Circuito Galego de Augas Abertas.

Na proba de 800: Se a temperatura da auga é de 20° ou máis está prohibido o uso de bañadores térmicos, se é inferior a 20° será optativo.

PREMIOS.

- Trofeos para o 1°, 2° e 3° de cada categoría dos percorridos A, B, e C
- Trofeo de gañadores absolutos da proba de 2500, aos primeiros clasificados masculino e feminino
- Trofeo ao participante máis mozo/a e ao máis veterano/a que remate a proba
- Trofeos do Memorial "Marina Álvarez".

NOTA.

A tódolos participantes entregaráselles un agasallo conmemorativo da travesía, e un gorro numerado.

Anexo

DOCUMENTO DE CONSENTIMIENTO DE PARTICIPACIÓN PARA MENORES
DE IDADE NON FEDERADOS

XI TRAVESÍA A NADO “CONCELLO DE ARTEIXO”
X Memorial Marina Álvarez

Don/a _____
con DNI _____ dou meu consentimento para que o
meu fillo/a _____
de _____ anos de idade, poida participar na travesía _____
_____, organizada por _____
_____, que se celebrará o _____
no concello de _____.

Asdo.: _____

En _____ a _____ de _____ de 20____.

En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus Datos Persoais, incluídos nun ficheiro creado por e baixo a responsabilidade da entidade organizadora, serán utilizados para realizar unha correcta xestión da súa relación coa mesma e ofrecerlle información actualizada relacionada coa súa actividade deportiva. Se o desexa, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, remitindo un escrito á entidade organizadora.



Anexo Percorridos

PERCORRIDO 2500 METROS



| bollas | coordenadas | | | metros |
|--------|----------------|---|---------------|---------|
| Nº 1 | 43° 21' 16,08" | N | 8° 29' 20,74" | W playa |
| Nº 2 | 43° 21' 24,26" | N | 8° 29' 06,85" | W 400 m |
| Nº 3 | 43° 21' 18,76 | N | 8° 28' 56,80" | W 284 m |
| Nº 4 | 43° 21' 17,05" | N | 8° 29' 11,10" | W 283 m |
| Nº 5/2 | 43° 21' 24,26" | N | 8° 29' 06,85" | W 283 m |
| | | | Total metros | 1250 m |

PERCORRIDO 800 METROS



| bollas | coordenadas | | | metros |
|--------|----------------|---|---------------|---------|
| Nº 1 | 43° 21' 16,08" | N | 8° 29' 20,74" | W playa |
| Nº 2 | 43° 21' 24,26" | N | 8° 29' 06,85" | W 400 m |